

**ACTA NUMERO CATORCE DAS REALIZADAS POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL
EN PLENO DESTE CONCELLO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA VINTE E NOVE DE
XULLO DE DOUS MIL OITO :-.....**

=====

PRESIDENTA :

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

- D. Angel Casal Moldes
- D. Salvador Durán Bermúdez
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Constantino Sanmartín Quiñones
- D^a Almudena Aguín Fernández
- D. Manuel López Méndez
- D^a Susana Fernández Trelles
- D. Martín Otero Otero
- D. Roberto-Alfonso Fernández Lores
- D^a Gloria González Camiña
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D^a M^a Dulcinea Aguín Pombo
- D. José-Ramón López Fernández
- D. Manuel Lores Puente
- D. Jose-Luis Rodríguez Lorenzo

INTERVENTOR:

D. José-Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO ACCTAL.:

D. Luis-Angel Sabariz Rolán

=====

No salón de actos da casa consistorial de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta e dous minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil oito. Baixo a presidencia da Sra. alcaldesa, D^a CATALINA GONZÁLEZ BEA, reuníronse os/as sres/as concelleiros/as que ó marxe se relacionan co fin de realizar a sesión ordinaria da corporación municipal en Pleno deste concello convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta e pública a sesión co obxecto de trata-los asuntos incluídos dentro da Orde do Día da convocatoria circulada ó efecto. -----

ACTA ANTERIOR:

164: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO 22 DE XULLO DE 2008. Pola **Sra. presidenta** pregúntaselle os asistentes á sesión se algún concelleiro/a ten que formular algunha observación ó acta que se somete a aprobación.

Ó non se formular ningunha observación, por asentimento unánime, préstase aprobación á devandita acta.-----

165: POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA (DE RES. Nº 591/08 Á Nº 871/08). A **Sra. presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as resolucións da alcaldía ditadas dende a última sesión ordinaria dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. Pregunta si se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A corporación dáse por informada.-----

166: POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REFERENTES A EXERCICIO DE ACCIÓNS XUDICIAIS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA. En virtude do disposto polo art. 22.2.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, en relación co art. 41.22 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, dáse conta o Pleno Municipal dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados dende a última sesión ordinaria de conformidade polo determinado nos art. 61.j) e 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A **Sra. presidenta** fai constar que a relación detallada dos acordos estiveron no expediente á disposición dos/as concelleiros/as e se alguén quere formular algunha aclaración que o manifeste. Non se produce ningunha solicitude.

A Corporación dáse por informada.-----

167: DACIÓN CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2007. Polo **Sr. secretario** dáse lectura á seguinte resolución da alcaldía, número 716/08, que literalmente di:

“”En virtude das miñas competencias como alcaldesa-presidenta descritas no artigo 191, paragrafo 3º do R.D.L 2/2.004 de 5 de Marzo e visto o informe da Intervención Xeral de data 6 de xuño de 2.008, tanto a liquidación como a memoria conformada da Conta Xeral, que son da mesma data, comprobados os resultados, estados contables, arqueos e demais documentación RESOLVO:

1.Darlle aprobación á liquidación de cada un dos presupostos separados que integran o xeral da anualidade de 2.007, sendo os resultados da entidade local os seguintes:

RESULTADO PRESUPOSTARIO ENTIDADE LOCAL (a)

| | | | |
|---|---------------|--------------|---------------|
| 1. Dereitos recoñecidos (D 430 - H 433) | 30.957.471,51 | | |
| 2. Obrigas recoñecidas netas (H 400) | 35.184.343,56 | | |
| 3. Resultado orzamentario (1 - 2) | | | -4.226.872,05 |
| 4. Desviacións positivas de financiamento | | 526.434,13 | |
| 5. Desviacións negativas de financiamento | | 0,00 | |
| 6. Gastos financiados con remanente de tesourería | | 5.572.936,41 | |
| 7. Resultado de operacións comerciais | | 0,00 | |
| 8. Resultado orzamentario axustado (3 - 4 + 5 + 6 + 7) | | | 819.630,23 |

2. Dar aprobación a liquidación consolidada de 2.007 que reflicte o seguinte resultado orzamentario:

RESULTADO PRESUPOSTARIO CONSOLIDADO COAS SOCIEDADES MERCANTÍS

| | | | |
|---|---------------------|----------------------|------|
| 1. Dereitos recoñecidos (D 430 - H 433) | 0,00 | 49.254.080,56 | |
| 2. Obrigas recoñecidas netas (H 400) | 0,00 | 54.281.881,70 | |
| 3. Resultado orzamentario (1 - 2) | | -5.027.801,14 | 0,00 |
| 4. Desviacións positivas de financiamento | 4.191.314,69 | 0,00 | |
| 5. Desviacións negativas de financiamento | 0,00 | 0,00 | |
| 6. Gastos financiados con remanente de tesourería | 11.369.726,20 | 0,00 | |
| 7. Resultado de operacións comerciais | 0,00 | 0,00 | |
| 8. Resultado orzamentario axustado (3 - 4 + 5 + 6 + 7) | 2.150.610,37 | | 0,00 |

3. De acordo ó disposto no artigo 193, parágrafo 4º do artigo 4 do RDL 2/2.004 darase conta ó Pleno na próxima sesión que celebre.

4. De acordo ó disposto no artigo 193, parágrafo 5 remitirase copia da liquidación á administración do Estado e da Comunidade Autónoma no menor prazo posible.””

A Corporación dáse por informada.-----

168: EXPTE. DE OBRA Nº 496/08 DA “COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE NOALLA”. BONIFICACIÓN 95% COTA DO I.C.I.O. Polo Sr. secretario dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“No día de hoxe tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello co núm. 5010, unha solicitude de D. ROBERTO GARRIDO PÉREZ en representación da “COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE NOALLA”, na que solicita unha bonificación do 95% das obras de **Acondicionamento de Acceso á Área Recreativo “MIRADOR AS CANTEIRAS”** no lugar de **COVA DE PAZOS – NOALLA**, as cales concedéronse Licenza Municipal por Resolución da Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo con data 24 de Xuño de 2008, con un Orzamento que ascende a 24.999,92 €

Dacordo co artigo 7º.2 da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras do Concello de Sanxenxo, establece a posibilidade de bonificar a cota de dito imposto ata un 95%, para as obras que concorren as circunstancias sociais, culturais, etc., que é o caso que nos ocupa (esta posibilidade aparece reflectida no artigo 103.2. a) do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A concesión da bonificación corresponde ó Pleno da Corporación que deberá acordar por maioría simple o outorgamento ou denegación, así como a porcentaxe que se aplicará segundo cada caso en concreto co máximo dun 95%.

Esta Alcaldía, considerando que a obra en cuestión ten unha clara utilidade social, cultural, por tratarse dunhas melloras substanciais nos accesos á Área Recreativa “Mirador As Canteiras” na Parroquia de Noalla, propón a adopción do seguinte acordo :

OUTORGAR unha bonificación do 95% na cota do I.C.I.O. dun Orzamento de **24.999,92 €**, que ascende a **950,00 €** a **D. ROBERTO GARRIDO PÉREZ en representación da “COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DA PARROQUIA DE NOALLA”.**”

Non se produce debate e sometido o ditame a votación por aprobado por unanimidade de todos os concelleiros/as asistentes.-----

169: EXPTE. DE OBRA Nº 523/08 DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA. BONIFICACIÓN 95% COTA DO I.C.I.O. Polo Sr. secretario dáse lectura á seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio que literalmente di:

“Con data 26.06.08 tivo entrada no Rexistro Xeral de Concello co num. 4528 unha solicitude da D.P. da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a obra de adecuación á normativa de hidrocarburos no I.E.S. de Vilalonga, por un importe total de 29.993,61 €

Logo da emisión dos informes oportunos, con data 01.07.08 concedeuse dita licenza pola Presidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo.

O artigo 7º.2 da Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras do Concello de Sanxenxo establece a posibilidade de bonificar a cota de dito imposto ata un 95%, para as obras de utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais (esta posibilidade aparece reflectida no artigo 103.2. a) do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, polo que se aproba o texto refundido la lei reguladora das facendas locais).

A concesión da bonificación corresponde ó Pleno da Corporación que deberá acordar por maioría simple o outorgamento ou denegación, así como a porcentaxe que se aplicará sengundo cada caso en concreto co máximo dun 95%.

Esta alcaldía, considerando que a obra en cuestión ten unha clara utilidade municipal por razóns sociais e educativas por tratarse dunha mellora substancial para o I.E.S. de Vilalonga, propón ó Pleno a dopción do seguinte acordo:

1º.- **OUTORGAR unha bonificación do 95 %** na cota do ICIO á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola realización da obra de adecuación á normativa de hidrocarburos no I.E.S. de Vilalonga que ten un orzamento total de 29.993,61 € (orzamento de execución material 21.728,20€).””

Non se produce debate e sometido o ditame a votación por aprobado por unanimidade de todos os concelleiros/as asistentes.-----

170: PROPOSTA DA ALCALDÍA DO “II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE SANXENXO 2008/2010”. Polo **Sr. secretario** dáse lectura resumida ó ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que literalmente di:

”2 : PROPOSTA DA ALCALDÍA DO “II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE SANXENXO 2008/2010” : Pola **Sra. Presidenta** da lectura a súa Proposta, redactada nos seguintes termos :

”””A Concellería de Benestar do Concello de Sanxenxo elaborou o “II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE SANXENXO 2008-2010”, como un instrumento de traballo básico para a articulación dunha política de igualdade levada a cabo desde a administración local co fin de incidir e resolver as posibles situacións de desigualdades entre homes e mulleres do municipio

O ámbito local pode definirse como aquel mais próximo a todos os cidadáns , co cal tamén resulta o mais axeitado para o análise e elaboración dunha serie de actuacións concretas adaptadas a nosa realidade que se poidan levar a cabo a través de distintos organismos e entidades locais.

A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é un proceso que require un esforzo e dedicación continua diaria, constituíndose como unha guía que debe estar presente en todas as políticas que se leven a cabo para poder eliminar as distintas situacións de discriminación que aínda hoxe seguen presentes con distintas manifestacións na sociedade.

O II Plan de Igualdade do Concello de Sanxenxo consta de 8 áreas de intervención e 98 actuacións concretas organizadas nun cronograma que se estende desde o ano 2008 ao 2010, e implicando en gran medida a un gran número de orgnismos e entidades sociais públicas. Entendemos que esta é a forma mais productiva de actuar, logrando a implicación de todas as áreas e entidades que forman parte da realidade social, para perseguir metas comúns e afianzar os nosos obxectivos.

Coa elaboración deste documento de traballo, esperamos contribuir a construción dun municipio en particular e dunha sociedade en xeral construída en valores de equidade no desenvolvemento de todas as áreas das vidas da nosa cidadanía.

Esperamos que non só sexan desexables os obxectivos, se non que, como metas, cheguen a cumprirse.

Por todo o anterior, se propón ao Concello Pleno que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO: aprobar o “II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE SANXENXO 2008/2010” que se transcribe deseguido:

ÁREAS DE INTERVENCIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE SANXENXO.

AREA 1: Información e Comunicación en Igualdade de Oportunidades na Institución Pública

O OBXECTIVO XERAL desta área é difundir e integrar o Principio de Igualdade na xestión das políticas municipais do Concello de Sanxenxo.

OBXECTIVO 1: Información , sensibilización e formación aos técnicos/as municipais na aplicación da perspectiva de xénero.

ACTUACIÓNS:

- 1.1. Presentar e explicar o Plan de Igualdade aos representantes políticos e persoal técnico do Concello.
- 1.2. Presentar e distribuír o Plan entre os distintos departamentos e áreas municipais.

OBXECTIVO 2: Constitución dunha mesa de traballo en colaboración directa co Centro de Información ás mulleres (CIM) do Concello de Sanxenxo para o desenvolvemento das accións do Plan.

ACTUACIÓNS:

- 1.3. Seleccionar a unha serie de persoas representantes de distintas áreas municipais para formar parte dun equipo profesional de traballo.

OBXECTIVO 3: Fomento de medidas de acción positiva para a promoción da igualdade nas políticas públicas.

ACTUACIÓNS:

- 1.4. Empregar nos documentos e impresos oficiais unha linguaxe non sexista así como nas convocatorias de emprego público local.
- 1.5. Incluír ítems diferenciadores de xénero en estadísticas e memorias do Concello.
- 1.6. Observar a información difundida a través dos medios de comunicación municipais velando polo respecto ao Principio de Igualdade.
- 1.7. Garantir unha presenza igualitaria de ambos sexos nos tribunais selectivos da Administración Local.

OBXECTIVO 4: Fomento da participación da muller na vida política do municipio.

ACTUACIÓNS:

- 1.8. Investigar o índice de representación política das mulleres no Concello de Sanxenxo a nivel de Concellerías, entidades, órganos decisorios...
- 1.9. Equilibrar a presenza das mulleres e homes na titularidade de concellerías do municipio, promovendo a asunción por parte de mulleres de Concellerías tradicionalmente ocupadas por homes e viceversa.

ORGANISMOS, ENTIDADES E ÁREAS IMPLICADAS:

- Persoal técnico do Concello de Sanxenxo.
- Departamento de comunicación municipal.
- Concellería de Cultura e educación.
- Concellería de Deportes e Xuventude.
- Concellería de Medio Ambiente e Servizos.
- Concellería de Benestar Social
- Concellería de Hacienda, Economía y Empleo.
- Concellería de Urbanismo.
- Concellería de Persoal e Seguridade cidadá.

Coordinación: CIM Sanxenxo

AREA 2: Participación social e asociacionismo.

O OBXECTIVO XERAL desta área é o fomento da participación das mulleres do Concello de Sanxenxo en todas as áreas da vida pública.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1: Fomento do acceso das mulleres a realización de actividades lúdicas e de ocio.

ACTUACIÓNS:

- 2.1. Dar a coñecer as distintas actividades que realizan as asociacións municipais.
- 2.2. Fomentar a participación das mulleres nas distintas actividades municipais.
- 2.3. Potenciar un maior achegamento das mulleres ás novas tecnoloxías mediante a realización de charlas e cursos de informática adaptados as necesidades das mesmas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2: Dinamización da participación das mulleres no movemento asociativo do Concello.

ACTUACIÓNS:

- 2.4. Fomentar o asociacionismo entre as mulleres do Concello de Sanxenxo, prestando especial atención ás mulleres inmigrantes.
- 2.5. Informar as asociacións de mulleres daquelas subvencións e axudas existentes de interese para as mesmas, así como facilitar o apoio necesario na xestión das mesmas.
- 2.6. Fomentar a interrelación entre as asociacións pertencentes a diferentes áreas no eido do Concello de Sanxenxo e de outros Concellos limítrofes.
- 2.7. Fomentar realización de actividades innovadoras en materia de igualdade dentro das asociacións de mulleres.
- 2.8. Promover na páxina web do Concello, dentro do departamento de Servizos Sociais, un apartado a través do cal as asociacións de mulleres poidan difundir os seus proxectos e actividades en coordinación con aquelas levadas a cabo polo CIM.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 3: Promoción do achegamento das mulleres aos trámites da burocracia administrativa:

ACTUACIÓNS:

- 2.9. Difundir información mediante charlas relacionadas coa realización de trámites administrativos da vida cotiá.
- 2.10. Crear un apartado dentro das funcións do persoal do CIM para a resolución de todo tipo de dúbidas relacionadas con trámites administrativos pertencentes a áreas diversas.

ORGANISMOS, ENTIDADES E ÁREAS IMPLICADAS:

- Concellería de Cultura e educación.
- Concellería de Benestar Social
- Concellería de Deporte e Xuventude.
- Asociacións de mulleres do municipio.
- Asociacións culturais.
- Asociacións de veciños/as.
- Asociacións xuvenís.
- Clubes deportivos.
- Oficina de Información xuvenil municipal.

Coordinación: CIM Sanxenxo

AREA 3: Concienciación e sensibilización.

O OBXECTIVO XERAL desta área é a promoción dun modelo social baseado na igualdade entre sexos e o reparto equitativo das responsabilidades familiares e domésticas.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1: Sensibilización á cidadanía no seu conxunto en Igualdade de Oportunidades.

ACTUACIÓNS:

- 3.1. Realizar campañas divulgativas para a sensibilización en Igualdade.
- 3.2. Elaborar a II Edición da guía: "Somos Iguais, Medremos Iguais" propia do Concello de Sanxenxo, unha guía onde se recollen pautas educativas de educación en igualdade.
- 3.3. Presentar e difundir a guía nas distintas áreas municipais e especialmente en aquelas directa ou indirectamente implicadas na educación.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 2: Promoción da educación en igualdade como medida de acción en prol da xustiza e equidade entre sexos.

ACTUACIÓNS:

- 3.4. Proporcionar formación a través de talleres e charlas a poboación en xeral, co fin de cambiar o modelo tradicional de roles e estereotipos asignados aos sexos.
- 3.5. Sensibilizar á xuventude do municipio sobre os valores de igualdade, a desenvolver tanto nunha parella como na familia, mediante actividades formativas e informativas.
- 3.6. Desenvolver desde as asociacións municipais actividades relacionadas coa educación en igualdade destinadas a infancia e a adolescencia.
- 3.7. Desenvolver actividades específicas para a educación en igualdade destinadas directa ou indirectamente para mulleres dentro da programación recollida na celebración de días como o Día da Muller e/ou Día contra a violencia á muller.
- 3.8. Fomentar a organización de concursos e premios con temática en igualdade de oportunidades destinados á poboación xeral.

OBXECTIVO 3: Impulso ao reparto equitativo das responsabilidades familiares, domésticas e sociais entre homes e mulleres.

ACTUACIÓNS:

- 3.9. Levar a cabo actividades de reflexión especialmente destinadas aos homes co fin da ruptura dos estereotipos tradicionalmente asociados ao seu colectivo.
- 3.10. Organización de talleres formativos para homes favorecendo o desenvolvemento de actividades domésticas e familiares.
- 3.11. Realización de campañas divulgativas en prol do reparto equitativo das tarefas domésticas como elemento fundamental para a igualdade de oportunidades de mulleres e homes.
- 3.12. Publicacións periódicas que recollan entrevistas a familias particulares que fomenten a adopción de medidas de reparto equitativo das tarefas domésticas en todas as familias e os beneficios acadados polas mesmas en todos e cada un dos seus membros.

ORGANISMOS, ENTIDADES E ÁREAS IMPLICADAS:

- Concellería de Benestar Social.
- Centro Municipal de Servizos Sociais.
- Gabinete de prensa municipal.
- Oficina de técnicos/as de emprego.

Coordinación: CIM Sanxenxo

AREA 4: Formación, emprego e conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

O OBXECTIVO XERAL desta área é mellorar as condicións laborais das mulleres.

OBXECTIVO 1: Incremento e mellora das posibilidades de formación, emprego e inserción laboral das mulleres do Concello de Sanxenxo.

ACTUACIÓNS:

- 4.1. Potenciar a formación e cualificación das mulleres en novas áreas de emprego municipais.
- 4.2. Revisar as ofertas de emprego públicas que dependan directa ou indirectamente do Concello para evitar a discriminación no acceso das mulleres ao emprego.
- 4.3. Manter canles de comunicación bidireccionais coa Oficina Municipal de Emprego para a avaliación conxunta das necesidades de formación e emprego das mulleres.

- 4.4. Informar ás mulleres de cursos formativos, obradoiros e ofertas de emprego a través de distintos medios de comunicación.
- 4.5. Informar e orientar ás mulleres sobre as posibilidades de emprego no concello.
- 4.6. Favorecer de forma especial a formación de mulleres do rural, atendendo ás súas propias necesidades.
- 4.7. Difundir e informar ás mulleres do municipio de forma periódica sobre as distintas axudas para a creación ou mantemento dunha empresa.

OBXECTIVO 2: Promoción de tódolos recursos e servizos do municipio que favorezan a conciliación do traballo, familia e intereses persoais.

ACTUACIÓNS:

- 4.8. Estender a mais familias o programa de apoio a unidade de convivencia PAIFILLONAI, propio do Concello de Sanxenxo, como alternativa axeitada de mecanismo de conciliación da vida familiar e laboral.
- 4.9. Promover a utilización do Centro de Día municipal en beneficio das persoas dependentes e dos seus cuidadores/as habituais.
- 4.10. Fomentar a realización de actividades culturais, deportivas e lúdicas, que se realizan en horario extra escolar para nenos/as.
- 4.11. Informar e difundir as axudas existentes para homes que soliciten a redución de xornada por obrigas familiares.
- 4.12. Impulsar o programa de voluntariado municipal “ Banco do Tempo” como forma de intercambio de pequenos servizos a familias na vida diaria.

ORGANISMOS, ENTIDADES E ÁREAS IMPLICADAS:

- Concellería de Benestar Social.
- Centro Municipal de Servizos Sociais.
- Centro de Día Municipal.
- Gardería municipal.
- Concellería de Cultura e educación.
- Concellería de Deportes e Xuventude.
- Oficina de técnicos/as de emprego.
- Asociacións empresariais.
- Gabinete de prensa municipal.

Coordinación: CIM Sanxenxo

AREA 5: Violencia de Xénero

O OBXECTIVO XERAL desta área é a prevención e abordaxe do fenómeno da violencia de xénero desde as súas diferentes causas e manifestacións.

OBXECTIVO 1: Sensibilización e concienciación a poboación en xeral co fin de previr situación de violencia de xénero.

ACTUACIÓNS

- 5.1. Realizar campañas informativas e preventivas contra a violencia de xénero na poboación xeral.
- 5.2. Divulgar e dar a coñecer os servizos municipais existentes na atención á muller mediante a elaboración de materiais propios.
- 5.3. Elaboración dunha programación de eventos e actividades o Día contra a violencia de xénero, incluíndo actividades de sensibilización para a loita contra as distintas manifestacións de violencia.
- 5.4. Premiar traballos en prol da prevención da violencia de xénero desenvolto por centros educativos municipais.
- 5.5. Difundir a través das ANPAS información e materiais sobre a educación en igualdade e métodos de prevención da violencia de xénero a través da educación en valores axeitados nos fillos/as.
- 5.6. Sensibilizar e informar acerca da denuncia, como método de loita e prevención das agresións ás mulleres.
- 5.7. Sensibilizar e formar de forma especial en materia de violencia de xénero e todas as súas manifestacións aos profesionais dos servizos sociais municipais.

OBXECTIVO 2: Prestación especial de atención ás mulleres vítimas de calquera manifestación de violencia.

ACTUACIÓNS:

- 5.8. Coordinar os recursos municipais en materia de violencia de xénero con outro tipo de servizos supramunicipais.
- 5.9. Confeccionar un protocolo multidisciplinar de atención á muller vítima de violencia de xénero.
- 5.10. Confeccionar un protocolo de acompañamento para a asistencia nos trámites e soporte persoal en vítimas de malos tratos.
- 5.11. Integrar ás mulleres que o precisen nun grupo terapéutico levado a cabo desde a atención psicolóxica do CIM.
- 5.12. Crear un grupo de apoio específico para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 5.13. Fomentar e crear un programa de desenvolvemento da autoestima para mulleres vítimas de violencia de xénero.
- 5.14. Colaborar con organismos que realicen plans de reeducación de persoas maltratadoras.
- 5.15. Priorizar a participación de mulleres vítimas de violencia en proxectos de emprego e actividades formativas dos distintos departamentos municipais.
- 5.16. Introducir módulos de igualdade de oportunidades en actividades de formación promovidas desde o CIM do Concello de Sanxenxo.
- 5.17. Organizar xornadas de estudos e debates sobre a violencia de xénero destinados tanto a poboación xeral como a colectivos profesionais particulares: garda civil, sanitarios, psicólogos, policía local...
- 5.18. Proporcionar aos centros educativos programas eficaces para a prevención da violencia ás mulleres.
- 5.19. Promover a rede de municipio contra os malos tratos.
- 5.20. Difundir o Plan de Igualdade do Concello de Sanxenxo nos municipios limítrofes.

ORGANISMOS, ENTIDADES E ÁREAS IMPLICADAS:

- Concellería de Benestar Social.
- Centro Municipal de Servizos Sociais.
- Centros de Saúde municipais.
- Policía Local, Garda Civil e policía autonómica.
- Xulgados.
- Concellería de Persoal e Seguridad cidadá.
- Centros educativos municipais.

Coordinación: CIM Sanxenxo

AREA 6: Ordeamento urbano

O OBXECTIVO XERAL é traballar o medio urbano, para que o seu uso sexa igualmente accesible para o conxunto de toda a cidadanía.

OBXECTIVO 1: Contribución ao deseño urbanístico do espazo, potenciando a supresión de barreiras arquitectónicas no Concello de Sanxenxo.

ACTUACIÓNS:

6.1. Empregar medios para evitar barreiras de mobilidade urbano, tanto no seu deseño como en conxunto: accesos, rúas, iluminación, sinalización...

OBXECTIVO 2: Reivindicación e potenciación do papel da muller na vida e historia local, fomentando o seu recoñecemento e presenza na mesma.

ACTUACIÓNS:

6.2. Fomentar o uso de nomes de mulleres relacionadas co mundo da cultura, sociedade ou ciencia na identificación e nomeamento de rúas, prazas, colexios, centros... etc.

ORGANISMOS, ENTIDADES E ÁREAS IMPLICADAS:

- Concellería de Benestar Social.
- Centro Municipal de Servizos Sociais.
- Concellería de cultura e educación.
- Concellería de Urbanismo.
- Concellería de Medio ambiente e servizos.
- Asociacións culturais e de mulleres municipais.

Coordinación: CIM Sanxenxo

AREA 7: Educación, cultura e deportes

O OBXECTIVO XERAL é a promoción da participación das mulleres en actividades deportivas, culturais así como o fomento da Igualdade de Oportunidades na educación do municipio.

OBXECTIVO 1: Potenciar a educación en Igualdade de Oportunidades como método de loita e eliminación dos estereotipos e roles tradicionalmente sexistas.

ACTUACIÓNS:

- 7.1. Informar, difundir e sensibilizar aos centros educativos do II Plan de Igualdade do Municipio.
- 7.2. Crear e/ou impulsar as escolas de nais/pais nos Centros Educativos Municipais.
- 7.3. Crear un espazo dedicado á temática de xénero na Biblioteca Municipal.
- 7.4. Establecer e manter unha liña de comunicación bidireccional entre os colectivos relacionados coa comunidade educativa, para avaliar a situación actual con respecto á Igualdade de oportunidades.
- 7.5. Realizar obradoiros formativos de igualdade de oportunidades con xóvenes e adultos/as.
- 7.6. Realizar actividades formativas dirixidas a nais,pais ou responsables familiares para que apoiem aos seus fillos/as nunha educación de cara a igualdade.
- 7.7. Ter en conta a perspectiva de xénero nas actividades municipais que se desenvolvan nos centros educativos.
- 7.8. Elaborar e distribuír nos centros educativos e bibliotecas municipais unha guía de lecturas non sexistas recomendada para a infancia e a xuventude.

OBXECTIVO 2: Favorecer o acceso e participación das mulleres ás diferentes actividades físicas e deportivas.

ACTUACIÓNS:

- 7.9. Presentar e distribuír aos clubs, asociacións deportivas e outras entidades relacionadas con está área o II Plan de Igualdade Municipal.
- 7.10. Informar ás mulleres das actividades físicas e/ou deportivas, eventos deportivos e demais actividades que se están a desenvolver, utilizando os medios de difusión existentes a nivel municipal.
- 7.11. Levar a cabo accións de sensibilización, dirixidas a nais e pais de nenos/as, a profesionais do deporte, e dos diferentes clubs, co fin de promover unha elección non sexista das actividades deportivas.
- 7.12. Realizar actividades deportivas que atendas ás necesidades horarias e temáticas, de interese das mulleres.
- 7.13. Celebrar os eventos deportivos municipais cunha imaxe axeitada á realidade das mulleres que practican deportes e actividades físicas, aplicando a perspectiva de xénero.
- 7.14. Investigar a composición dos equipos e clubs deportivos para visualizar a presenza das mulleres nos mesmos.
- 7.15. Publicar un catálogo de clubs e asociacións deportivas existentes no municipio animando ás mulleres a participar neles.
- 7.16. Apoiar as deportistas destacadas do Concello de Sanxenxo.

OBXECTIVO 3: Promover a inclusión da perspectiva de xénero e Igualdade de Oportunidades nas actividades culturais do Concello de Sanxenxo.

ACTUACIÓNS:

- 7.17. Potenciar a creación e difusión de obras realizadas por mulleres a través da convocatoria de concursos y premios municipais.
- 7.18. Convocar anualmente concursos de narrativa con temática en Igualdade de Oportunidades con difusión municipal da obra gañadora.
- 7.19. Realizar actividades con motivo do Día da muller tendo en conta a participación en opinión das Asociacións de Mulleres do Concello.
- 7.20. Proxectar películas que traten historias de vida de mulleres e desde unha perspectiva de xénero.
- 7.21. Dar a coñecer manifestacións de tradicións presentes no Concello de Sanxenxo, e nas que participen de forma directa ou indirecta as mulleres.

| |
|---|
| <p>ORGANISMOS, ENTIDADES E ÁREAS IMPLICADAS:</p> <ul style="list-style-type: none">- Concellería de Benestar Social.- Centro Municipal de Servizos Sociais.- Asociacións culturais e de mulleres municipais.- Centros educativos municipais.- Asociacións de pais e nais municipais.- Rede municipal de bibliotecas.- Gardería Municipal.- Gabinete de prensa municipal. <p>Coordinación: CIM Sanxenxo</p> |
|---|

| |
|---------------------------------|
| <p>AREA 8: Saúde e Benestar</p> |
|---------------------------------|

O OBXECTIVO XERAL é a promoción e mellora da saúde e calidade de vida das mulleres dese unha perspectiva integral.

OBXECTIVO ESPECÍFICO 1: Promoción da adquisición de hábitos de vida saudables.

ACTUACIÓNS:

- 8.1. Realizar un programa de fomento de hábitos de vida saudables dirixidos a poboación en xeral e de forma especial ás mulleres: talleres de fomento e desenvolvemento da autoestima, talleres de afrontamento ao estrés e resolución de conflitos, talleres de liberación do estrés e relaxación...
- 8.2. Levar a cabo un programa específico de educación para a saúde nos centros educativos municipais e destinada a adolescentes, onde se traten temas de saúde importantes para as mulleres: taller de prevención de trastornos de la alimentación, hábitos de vida saudables...
- 8.3. Realizar un programa de educación para a saúde destinado a mulleres en xeral e especialmente destinado a asociacións de mulleres do municipio que abarque sesións informativas sobre temas de saúde como: a menopausia, fibromialxia, diabetes, enfermidades dexenerativas...
- 8.4. Realizar un programa específico de apoio e formación para coidadoras de persoas dependentes.
- 8.5. Apoiar los programas de prevención e diagnóstico precoz dos trastornos e/ou enfermidades específicas da muller que se desenvolvan nos centros de saúde.
- 8.6. Apoiar ás actividades que se leven a cabo desde o Programa Municipal de prevención de drogodependencias, alcoholismo y tabaquismo.
- 8.7. Realizar cursos con temática en educación para a saúde dirixidos á 3ª idade, en especial ás mulleres, tratando contidos de especial interese para este colectivo.
- 8.8. Fomentar a participación das mulleres do municipio no Programa Municipal do Taller de Memoria, programa destinado ao emprego do tempo libre e de ocio de forma saudable e educativa.

8.9. Fomentar a participación das mulleres do municipio no programa municipal: "Escolas de mulleres", propio do Centro de Información ás mulleres como unha actividade de saúde integral destinado á muller.

OBXECTIVO 2: Posta en marcha de programas de fomento dunha sexualidade saudable.

ACTUACIÓNS:

8.10. Realización de programas en colaboración directa con centros educativos para a transmisión de información sexual adecuada e adaptada a xuventude.

8.11. Creación dun servizo de asesoría e información sexual no Concello de Sanxenxo.

8.12. Realizar campañas divulgativas dirixidas a cidadanía en xeral, sobre temas relacionados coa sexualidade, prevención de embarazos non desexados e de Enfermidades de Transmisión sexual.

| | |
|--|--------------------|
| <p>ORGANISMOS, ENTIDADES E ÁREAS</p> <ul style="list-style-type: none">- Concellería de Benestar Social.- Centro Municipal de Servizos Sociais.- Asociacións de mulleres municipais.- Centros educativos municipais.- Asociacións de pais e nais municipais.- Concellería de Xuventude e deporte.- Programa Municipal de Taller de Memoria.- Centros de saúde municipais.- Gabinete de prensa municipal. <p>Coordinación: CIM Sanxenxo</p> | <p>IMPLICADAS:</p> |
|--|--------------------|

Avaliación do Plan:

No referente a avaliación do plan pode establecerse que se realizará en distintos momentos:

- Realizarase unha avaliación unha vez rematado o proceso diagnóstico da realidade local, de tal forma que se velará pola coherencia e idoneidade das ideas e elementos cos problemas ou deficiencias que tentamos de resolver.
- Realizarase unha avaliación intermedia nun prazo de seis meses ou de forma anual que servirá para comparar os resultados obtidos ata o momento cos obxectivos específicos que se pretenden. Esta avaliación permitirá adecuar o plan a posibles prioridades ou imprevistos que vaian surxindo.
- Realizarase unha avaliación final unha vez rematado o período de tempo determinado para levar a cabo as actuacións recollidas no plan, proporcionando información detallada sobre o ocorrido no seu desenvolvemento. Da mesma forma, e mais a longo prazo, realizaremos unha avaliación de seguimento que permita determinar que cambios logran manterse ao longo do tempo.

As avaliacións do plan realizaranse de forma continua e levaranse a cabo por unha comisión de traballo, encargada de estar en contacto permanente cos distintos departamentos da administración local e cidadanía.

Os instrumentos utilizados para levar a cabo a avaliación poderán ser cualitativos, podéndose diferenciar dous indicadores:

1. Indicadores de planificación, que fan referencia aos obxectivos do proxecto presentado e a adecuación ao Plan, e relacionándose con elementos como a organización das accións, determinando minuciosamente os obxectivos, cronograma e materiais para desenvolver cada unha delas; e a definición dos contidos atendendo en todo caso aos obxectivos recollidos no Plan.
2. Os indicadores de implementación vincularanse co grao de satisfacción obtido en cada unha das accións desenvolvidas.

Exemplos concretos de indicadores cualitativos poderán ser o análise dos resultados obtidos en:

- Grupos de discusión, reunións periódicas co persoal técnico responsable da execución de distintas actuacións do plan.

- Entrevistas e/ou reunións periódicas coas persoas, entidades, organismos e asociacións implicados no desenvolvemento do plan.
- Difusión das actuacións comprendidas dentro de cada liña de acción.
- Compromiso alcanzado por parte de institucións e entidades locais.

No que se refire a avaliación de tipo cuantitativo, establécense non só a través da participación de persoas usuarias nas diferentes medidas, senón tamén a través dos produtos tanxibles resultados de unha das accións postas en marcha.

Exemplos de indicadores cuantitativos poderán ser:

- Contabilización das accións que se levaron a cabo
- Número de produtos resultado de distintas accións, como estudos, investigacións, materiais...
- Contabilización de participantes en actividades concretas
- Enquisas de satisfacción cos logros alcanzados para persoas e/ou organismos implicados.

En definitiva, trátase da realización dun documento de traballo de e para todos e todas, de forma que sirva como unha guía para orientar o traballo diario para a consecución da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes do noso concello, para impulsar a presenza das primeiras en determinadas áreas e correxir posibles inxustizas que se estén levando a cabo en institucións públicas e privadas referentes a distintos ámbitos da vida.

Número estimado de persoas destinatarias da acción:

O Plan de Igualdade que aquí se presenta vai destinada a toda a cidadanía do Concello de Sanxenxo no seu conxunto. Para o cumprimento dos seus obxectivos precisa a colaboración e implicación de todos os colectivos presentes na sociedade, así como o compromiso dos poderes públicos no seguimento dos obxectivos determinados. Consideramos que a mellor forma de traballar é de forma conxunta e coordinada, e o Plan constitúe un instrumento que pode servir de guía no día a día como forma de loita e prevención de todo tipo de discriminacións e desigualdades que as mulleres sofren no noso municipio, así como para acadar unha sociedade máis equitativa e xusta para todos e todas.

Cronograma:

As actividades contidas no II Plan de Igualdade do Concello de Sanxenxo, levaranse a cabo no período comprendido entre ano 2008-2010, de forma continua e repartidas ao longo de cada un dos anos anteriores. A continuación expóñense de forma detallada a programación estimada de cada unha das actuacións recollidas neste documento:

| AREAS INTERVENCIÓN | DE | ACTUACIÓNS | 2º Semestre | 1º Semestre | 2º Semestre | 1º Semestre | 2º Semestre |
|---|----|------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
| 1. Información e de comunicación Igualdade Oportunidades | | 1.1. | | | | | |
| | | 1.2. | | | | | |
| | | 1.3. | | | | | |
| | | 1.4. | | | | | |
| | | 1.5. | | | | | |
| | | 1.6. | | | | | |
| | | 1.7. | | | | | |
| | | 1.8. | | | | | |
| | | 1.9. | | | | | |
| 2. Participación social e asociacionismo | | 2.1. | | | | | |
| | | 2.2. | | | | | |
| | | 2.3. | | | | | |
| | | 2.4. | | | | | |
| | | 2.5. | | | | | |
| | | 2.6. | | | | | |
| | | 2.7. | | | | | |
| | | 2.8. | | | | | |

| | | | | | | |
|--|-------|--|--|--|--|--|
| | 2.9. | | | | | |
| | 2.10. | | | | | |
| 3, Concienciación e Sensibilización | 3.1. | | | | | |
| | 3.2. | | | | | |
| | 3.3. | | | | | |
| | 3.4. | | | | | |
| | 3.5. | | | | | |
| | 3.6. | | | | | |
| | 3.7. | | | | | |
| | 3.8. | | | | | |
| | 3.9. | | | | | |
| | 3.10. | | | | | |
| | 3.11. | | | | | |
| | 3.12. | | | | | |
| 4. Formación, emprego e Conciliación da vida laboral, familiar e persoal. | 4.1. | | | | | |
| | 4.2. | | | | | |
| | 4.3. | | | | | |
| | 4.4. | | | | | |
| | 4.5. | | | | | |
| | 4.6. | | | | | |
| | 4.7. | | | | | |
| | 4.8. | | | | | |
| | 4.9. | | | | | |
| | 4.10. | | | | | |
| | 4.11. | | | | | |
| | 4.12. | | | | | |
| 5.Violencia de xénero | 5.1. | | | | | |
| | 5.2. | | | | | |
| | 5.3. | | | | | |
| | 5.4. | | | | | |
| | 5.5. | | | | | |
| | 5.6. | | | | | |
| | 5.7. | | | | | |
| | 5.8. | | | | | |
| | 5.9. | | | | | |
| | 5.10. | | | | | |
| | 5.11. | | | | | |
| | 5.12. | | | | | |
| | 5.13. | | | | | |
| | 5.14. | | | | | |
| | 5.15. | | | | | |
| | 5.16. | | | | | |
| | 5.17. | | | | | |

A **Sra. Presidenta** contesta que si está elaborada polos técnicos que interviron e traballaron no Plan e que se facilitará ós Concelleiros/as.

Dª. Dulcinea Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, dí que vota en falla que na elaboración do Plan, en primeiro lugar unha diagnose do Primeiro, para comprobar os obxectivos acadados para mellorar no posible os resultados do anterior.- A Proposta deste Segundo Plan debería ser máis concreta especificando a maneira de levalo a cabo, dos recursos económicos dispoñibles, etc.- Considera que tal como se presenta non é máis que unha declaración de intencións.

A **Sra. Presidenta** incide na súa anterior intervención manifestando que a memoria con datos pormenorizados dos obxectivos acadados no primeiro plan esta redactada, avaliada polas persoas que han intervido no seu desenvolvemento, quen ademais colaboran directamente na redacción dos obxectivos que se pretende no segundo Plan, contando xa coa experiencia acadada ata o do agora.- Que na proposta do novo Plan, non se pode estar no concreto e si no xenérico.- O Plan marca as liñas de actuación, e en cada área se concretará e especificará o desenrolo, forma de actuar, medios materiais, económicos, persoal e institucións públicas e corporativas implicadas.

Os Concelleiros dos Grupos B.N.G., P.S. de G.-P.S.O.E. e V.I.S., interesan se lles facilite copia do memoria de avaliación do Primeiro Plan, e a Presidencia promete facerllela chegar a brevidade posible.

Sometida a proposta a votación, por unanimidade, se prestou aprobación á mesma, ditaminando **favorablemente** o asunto ó Pleno Municipal, sen prexuízo de formular observacións na propia sesión plenaria.””

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que lle parecía un bo plan, pero sempre que non quedase nunha mera declaración de intencións. Anunciou así que ía emitir o voto en sentido favorable.

Tamén anunciou o voto favorable do **Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, a súa **voceira, Sra. Aguín Pombo**, pero matizou que non tiña coñecemento dos datos “co diagnóstico” do plan anterior, xa que se lle chamou dende o concello, polo secretario, a última hora da mañá, para comunicarlle que estaban preparados, os balances das actuacións en 2006 e 2007, pero non lle foi posible consultarlos. Rematou dicindo que o grupo socialista apostaba pola igualdade, como o facía o PSOE estatal coa creación dese ministerio, pero que lle gustaría que o plan presentado fose máis concreto.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que o seu grupo estaba a favor da elaboración dun plan de igualdade pero cualificou o presentado de declaración de intencións. Criticou ó goberno local por non ter os tribunais dos procesos selectivos unha composición paritaria de homes e mulleres, e por non cumprirse a lei de igualdade en “Nauta Sanxenxo, S.L.” e noutras sociedades mercantís municipais xa que, por exemplo, na primeira o Consello de Administración está integrado por 5 homes e 2 mulleres. Lembrou tamén que a actual alcaldesa dixera en 2006 que se ía crear o consello de igualdade, no que estarían representados os concelleiros/as da oposición para abordar estas cuestións, pero que a Sra. González Bea incumpriu o compromiso.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que, logo de realizar un traballo intenso por parte do persoal do CIM, as memorias resumo de 2006 e 2007 estiveron a disposición dos concelleiros/as da oposición a primeira hora da mañá. Agradeceu a posición do grupo socialista, pero lembroulle que o PSOE non traballou pola igualdade máis que outras forzas aínda que si o fixo con máis propaganda. Engadiu que se ía poñer en marcha o consello en canto fora posible porque o PP defendía a igualdade como o que máis. Tamén dixo que non era partidaria de nomear a mulleres “por cotas”, senón facelo pola súa capacidade (“non para saír na foto”, dixo), de xeito que estarían nos consellos de administración mulleres, por ser capacitadas, non por ser mulleres. Defendeu a presidenta da corporación o gran labor que realizou o persoal do CIM e dos servizos sociais do concello en materia de igualdade, sobre todo en áreas que deberían cubrir outras administracións (problemas de saúde mental,

fundamentalmente). Rematou dicindo que felicitaba a dito persoal, salientando que hai un traballo intenso e sen propaganda, e anunciou o voto favorable do seu grupo ó plan.

A **Sra. Aguíñ Pombo** reiterou que non puido consultar as memorias do plan anterior porque foi avisada ás 13:30 horas e lle foi imposible facelo antes do pleno.

A **Sra. alcaldesa** indicou que o voceiro nacionalista, Sr. Fernández Lores, tivo a documentación ás dez e pico da mañá.

A **Sra. Aguíñ Pombo** lembrou que, por moito que dixera agora o PP o certo é que había recorrido á lei de igualdade.

A **Sra. alcaldesa** cualificou como “panfletos de igualdade” algunhas iniciativas dos socialistas.

A **Sra. Fernández Agraso** manifestou que se a alcaldesa daba a súa palabra de que se ía constituír o consello de igualdade, o grupo nacionalista cambiaría o voto negativo previsto pola abstención.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que, efectivamente, daba a súa palabra de que o consello sería constituído.

Sometido a votación o ditame acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: trece (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: catro (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, por maioría, a Corporación en Pleno, aprobou o ditame antes transcrito.-----

171: SOCIEDADE MUNICIPAL DE TURISMO - PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA A ADOPCIÓN DOS ACORDOS SEGUINTE :

A) MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS.

B) DELEGAR NA ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA CALQUERA ADAPTACIÓN DOS ESTATUTOS QUE FORA PRECISO PARA A SÚA ADAPTACIÓN AS ESIXENCIAS DE CUALIFICACIÓN DO REXISTRO MERCANTIL.

C) FACULTAR A ALCALDÍA-PRESIDENCIA PARA O OUTORGAMENTO DE ESCRITURA PÚBLICA, CONXUNTO CO REPRESENTANTE QUE NOMEA O CETS.

D) NOMEAR OS REPRESENTANTES DO CONCELLO NA XUNTA XERAL. Polo **Sr. secretario** dáse lectura á parte dispositiva do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Asuntos Xerais que propón ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

“**PRIMEIRO:** a) modificar o artigo 9 dos estatutos, no senso de establecer que, segundo o artigo 9.1, “a Xunta Xeral se reunirá obrigatoriamente unha vez o ano, dentro do primeiro semestre, no día e hora que determine o Consello de Administración.....”. Asemade o artigo 9.2 no tenor seguinte: a) “Por iniciativa do Consello de Administración”.

b) Modificar o artigo 10, suprimindo dentro das facultades da Xunta Xeral, a mencionada no apartado f) “A emisión de obrigacións”.

SEGUNDO: Delegar na alcaldía - presidencia calquera adaptación dos estatutos que fora preciso para a súa adaptación as esixencias de cualificación do Rexistro Mercantil.

TERCEIRO: Facultar a alcaldía - presidencia para o outorgamento de escritura pública, conxunto co representante que nomee o Consorcio de Empresarios Turísticos do SÁLNES (CETS).

CUARTO: De acordo ó disposto no artigo 7.6 do proxecto de estatutos sociais, nomear os representantes do Concello na Xunta Xeral, que serán os seguintes:

**CATALINA GONZÁLEZ BEA.
SALVADOR DURAN BERMÚDEZ.
MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
ANGEL CASAL MOLDES.
CONSTANTINO SANMARTÍN QUIÑONES.
ALMUDENA AGUÍN FERNÁNDEZ.
SUSANA FERNÁNDEZ TRELLES.
ROBERTO ALFONSO FERNÁNDEZ LORES
Mª DULCINEA AGUÍN POMBO, e
JOSÉ – LUIS RODRÍGUEZ LORENZO.”**

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, solicitou que se lera o acta completo da comisión informativa completo onde se ditaminou este asunto.

Tras dicir a **Sra. alcaldesa** que non procedía a lectura dun acta aínda non aprobada definitivamente, o **Sr. Fernández Lores** manifestou que desexaba que constase en acta, que a proposta orixinaria da presidencia era que os representantes do concello na xunta xeral da sociedade municipal de turismo foran 9 integrantes do PP e 1 do BNG, pero que grazas á proposta nacionalista corrixiuse o erro, tras examinarse as actas dos estatutos aprobados, e agora tiñan representación tódolos grupos da oposición.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que non tiña pensado intervir, pero indicou que, aínda recoñecendo que o Sr. Fernández Lores advertiu o erro formal nos nomeamentos, a proposta da composición realizada no seu día, non fora do BNG e así esa formación política non debía atribuírse propostas que non eran deles.

A **Sra. alcaldesa** recoñeceu o erro cometido na proposta que foi corrixido na comisión logo de aclarar as discrepancias iniciais lembrando a composición correcta. Engadiu que, de tódolos xeitos, de haberse adoptado o acordo primitivo sería antiestatutario e non tería validez. Rematou dicindo que “erraba moito, e que non sabía se era porque traballaba moito”.

Sometido o ditame a votación foi aprobado por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as asistentes.-----

Seguidamente e, antes de pasar ó punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a trata-las seguintes

MOCIÓN S

172: MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO PROPOÑENDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE QUE O NOVO CENTRO DE SAÚDE A CONSTRUIR EN VILALONGA LEVE O NOME DE “EPIFANIO CAMPO NÚÑEZ” (R. DE ENTRADA NÚM. 4498 do 25/06/08). Polo Sr. secretario dáse lectura á moción que literalmente di:

“José L. Rodríguez Lorenzo, representante del partido político **VIPS (Vecinos Independientes Por Sanxenxo)** en la Corporación de Sanxenxo EXPONE:

En el año 1938 un hombre procedente del municipio de Puente de Domingo Flórez, situado en la comarca del Bierzo, en la provincia de León, cuya principal actividad es la generada por las canteras de pizarra, y que por aquel año contaba con un censo de unos 450 habitantes, llegó destinado a la Batería de San Vicente (a realizar el servicio militar), un hombre que inmediatamente se asentaría en Vilalonga casándose con la hija de un industrial vilalengués, Doña Amalia Méndez Tacón.

Seguramente, porque aún muchos lo tendrán en el recuerdo, sabrán todos ustedes que nos estamos refiriendo a Don Epifanio Campo Núñez. Este hombre, por aquel entonces, transformó y modernizó la fábrica tejera de su suegro en fábrica cerámica de fabricación de ladrillos y cocidos de chamota, que exportaba a complejos fabriles situados en distintos puntos de la geografía, pero esencialmente a la costa levantina.

Sus conocimientos en materia de minería, posiblemente por la influencia de las tierras que le vieron nacer, y sus iniciativas exportadoras repercutieron de una forma muy positiva en la población municipal de Sanxenxo y Meaño.

En la ensenada del Bao, barcos de cabotaje cargaban todos los días arcilla fina con destino a la fabricación de loza, como citábamos anteriormente, especialmente para la zona de Levante.

Estábamos en décadas difíciles, la de los cincuenta; los campesinos venden y alquilan fincas, o el subsuelo, para rentabilizar las ganancias.

Se produce una importante transformación social del sector primario: la agricultura la ganadería y la pesca, para pasar a ocuparse mayoritariamente en la industria extractiva de material y en la cerámica, en donde se emplean más de 2.000 personas (hay que situarse en los años 50), siendo de destacar la incorporación de la mujer al mundo laboral, vetado por aquel entonces. El cultivo de la tierra pasa a efectuarse en horas residuales y la marisquería de forma estacional.

D. Epifanio se gana el respeto y el afecto de la clase obrera con aptitudes muy poco comunes por aquel entonces; lo logra con contenidos basados en la ética y el respeto, además del cumplimiento de los compromisos pactados, lo equivalente hoy a un convenio entre empresa y trabajadores o sindicatos. Se sabe, entre otras, de iniciativas como la de comprar 70 bicicletas de la casa “Orbea” que, pintadas de negro, con la leyenda “Cerámica Campo” y el número correspondiente, fueron entregadas a otros tantos trabajadores que la fueron amortizando con el pasar de los meses, a través de sus pagas, por aquel entonces, quincenales.

De esta manera acabó con el penoso esfuerzo de trabajadores que desde Adina, Noalla, Dena, Simes, etc tenían que realizar para llegar caminando desde sus domicilios y viceversa. El trato del industrial con sus empleados llegó a ser tan familiar que se convirtió en el padrino y compadre de más de 60 familias, más por cooperar en el desarrollo de las propias familias que por la necesidad de apadrinar.

Siempre en el sector de la minería expandió su iniciativa industrial a las provincias de A Coruña y Lugo, en donde capataces Vilalongueses de su confianza dirigían cuadrillas en busca de feldespatos y otras cuarcitas que se exportaban a través de los puertos de Vilagarcía, Ferrol y Vivero. Ya nos encontramos en la década de los 60.

Su proyecto empresarial alcanza su zénit en el descubrimiento lignito de Meirama y venta de la mina a FENOSA a principios de los 70.

Volvemos a tiempos atrás para destacar los inconvenientes que encontraba el empresario por la falta de infraestructuras de vías de comunicación para poder exportar materiales cerámicos cara a otras regiones, y a su iniciativa y colaboración se debe la construcción y apertura de la entonces Avda. del Mar de la Villa de Sanxenxo, (ahora Avda. de Luis Rocafort), imprescindible para acercar las mercancías al puerto de Sanxenxo, por cuanto la estrechez de la calle Primo de Rivera (ahora Avda. de Madrid) impedía el paso de camiones de medio tonelaje. Eran otros tiempos, y ante la falta de consignación

presupuestaria del ayuntamiento, la empresa de D. Epifanio fue la encargada de abrir la caja de la citada avenida.

A partir de ahí, el puerto desarrolló una gran actividad basada en el embarque de mercancía cerámica y madera.

Benefactor de Vilalonga, en donde construyó el campo de fútbol en el año 1.954. Los sábados y los domingos quedaban a disposición de los alcaldes de barrio sus camiones con sus chóferes para el arreglo y ensanche de caminos en épocas en que las economías, incluida la municipal, no permitía afrontar tales menesteres. El ladrillo de su fábrica siempre estuvo a disposición del necesitado para hacer o reparar su casita. En el ayuntamiento tenemos constancia de espléndidas aportaciones y colaboraciones económicas en campañas benéficas como “la Navidad de los humildes”, colaboraciones con el deporte, la cultura, ayuda a la realización de instalaciones deportivas en colegios, etc.

La empresa Epifanio Campo ha sido el principal motor económico del municipio, que tiene continuación en su sobrino con política de mantenimiento de empleo, expansión industrial en el municipio y actuaciones sociales, sobre todo en las parroquias de Vilalonga e Noalla.

D. Epifanio Campo fue un referente empresarial en momentos difíciles, en los que las carestías económicas primaban en cualquier familia. Él aportó su grano de arena para mejorar, no sólo sus empresas, sino también el día a día de muchos ciudadanos, el alivió las “calamidades” de muchas familias, administraciones, clubes, etc.

Como reconocimiento a su labor empresarial y humana, y a la de todos aquellos empresarios de nuestro municipio, que no siempre bien entendidos; pero que sobre todas las cosas es indiscutible que han reportado el bienestar de muchas familias y el apoyo a entidades, etc.

Presentamos la siguiente MOCIÓN:

Que en agradecimiento a los empresarios de nuestro municipio, especialmente a D. Epifanio Campo Núñez, por su trayectoria en Sanxenxo, se hagan las gestiones que correspondan, ante la consellería de sanidad, para que el Centro de Salud a construir en Vilalonga lleve el nombre de “EPIFANIO CAMPO NÚÑEZ”.””

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o seu grupo apoiaba a urxencia da moción para que fose debatida.

Sometida a urxencia a votación acadou o seguinte resultado:

Votos a favor: catorce (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: tres (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

En consecuencia, procedeuse a debati-la moción.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, manifestou que coa moción se quería transmitir non só o sentir de VIPS, senón o sentimento de moitos veciños de Vilalonga recoñendo o labor dunha persoa xa falecida (na actualidade ó fronte da empresa Cerámica Campo está o seu sobriño). Lembrou que D. Epifanio Campo Núñez colaborou con moitos veciños en tempos difíciles, de miserias, onde, aínda que había froitos das colleitas, non había cartos. Engadiu que sempre D. Epifanio Campo estivo por enriba das súas obrigas e que desexaba transmitir o que se lle pedía por un número considerable de veciños.

O **Sr. Lores Puente, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, anunciou que o PsdeG-PSOE se ía abster porque hai unha parte dos veciños que apoian a proposta, pero que hai outra parte que non.

O **Sr. Fernández Lores, voceiro do Grupo Municipal do BNG**, manifestou que apoiar a moción sentaría un precedente que non sabía se sería bo ou malo, engadindo que coñecendo o sobriño, dubidaba que lle gustara moito a proposta. Tamén dixo que había outros edificios emblemáticos (os centros de saúde de Portonovo e Sanxenxo, por exemplo) que non teñen nome e que todas estas cuestións deben ser resoltas con un regulamento de honras, como expuxo nun pasado pleno. Rematou dicindo que, en todo caso, o nome de D. Epifanio Campo Núñez podería levalo a praza de Vilalonga que aínda é deles pero non o centro de saúde e, anunciou o voto en contra da proposta.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que aínda que non haxa unanimidade hai que respectar as maiorías e que lle importaba pouco que ó sobriño lle guste máis ou menos a iniciativa. Engadiu que, había que tomar decisións para honrar a memoria desta persoa aínda entendendo que, era imposible que houbera unanimidade en Vilalonga.

A **Sra. alcaldesa** indicou que estaba de acordo co sentido da moción pero anunciou que o seu grupo ía votar en contra pois o nome de D. Epifanio Campo Núñez debe levalo no futuro unha obra municipal e non o centro de saúde. Manifestou que recollía, de tódolos xeitos, a proposta e a inqueda para buscar, entre todos, a mellor opción para lembrar a D. Epifanio. Matiza, que lle sabía mal o debate público sobre persoas no pleno pola repercusión e influencias nas familias e, pregou, que este tipo de iniciativas foran comunicadas verbalmente con antelación para a busca de consensos. Dixo que, deste xeito, non se daría a sensación de que se estaba a favor ou en contra das persoas propostas.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que entendía que, efectivamente, o nome do Sr. Campo podería ir noutra instalación, engadindo que tamén entendía que non era agradable que constasen votos contrarios neste tipo de iniciativas. Rematou dicindo que, como se asegurou que durante este lexislatura se tratará este tema pola corporación, retiraba a moción.

A **Sra. alcaldesa** agradeceu a retirada da moción por parte do concelleiro do Grupo Municipal Mixto.-----

ROGOS

-ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO DO 24/06/08 (R. DE ENTRADA NÚM. 4464) : Polo Sr. secretario dáse lectura a este escrito que literalmente di:

“”JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ LORENZO, representante do Partido Político **VIPS (Veciños Independentes Por Sanxenxo)** na Corporación

EXPÓN :

Durante a sesión plenaria celebrada o pasado día 27 de maio facíámoslle varias preguntas relacionadas co problema co problema que ano tras ano estamos tendo para ofrecer zonas onde se poida aparcar, especialmente na tempada de verán e Semana Santa. Unha das respostas recibidas foi : “os espazos

para o estacionamento de vehículos son os que hai, que se trataba de acondicionar ou mellor posible ditos espazos e que se facéndose o que se pode nestas cuestións”.

Días mais tarde a facíamos saber da necesidade de habilitar a zona, a beira da praza do Enxido, na que está proxectado un aparcamiento subterráneo e que con moi pouco gasto quedaría para admitir o aparcamiento de mais de 150 vehículos ao aire libre, e nunha situación moi idónea para todo aquel que se achegase a Portonovo, á vez que se lle vota unha man ao comercio local.

Estes días vemos que se esta adecentando o Parque do Vicaño, polo cal felicitámoslle, podendo comprobar que se está desperdiciando a oportunidade de gañar unhas novas prazas de aparcamiento no centro de Sanxenxo; opinan moitos veciños e propietarios de negocios da Vila que o muro de pechadura coa Avda. da Praia de Silgar deberíase retranquear uns tres metros, metros que non significarían nada en canto a perda de superficie no parque, pero que permitirían facernos con prazas de aparcamiento en batería, non só na tempada alta pois o resto do ano tamén son demandadas en devandito casco urbano. Ademais o concello tamén debe ceder para aparcamentos, ensanches, etc., non só os veciños.

Tamén, na Vila, son moitos as voces que opinan que se debería habilitar parte da praza do Mar, situada no porto deportivo (os días que non hai eventos), para que na mesma pódanse aparcarse turismos. Tamén devandita medida axudaría ao comercio local e a acougar a desesperación dos veciños e visitantes que ven como verán tras verán cada ano é mais difícil aparcarse en Sanxenxo.

Por todo iso, facémoslle os seguintes **ROGOS**:

Que de estar de acordo coa demanda vecinal, exposta anteriormente, se habilite a zona perimetral do Vicaño, no seu lindero coa Avda. de Silgar, trasladando o muro de pechadura, para que en devandita zona pódase aparcarse en batería.

Que se estude a posibilidade de habilitar parte da praza do Mar, en datas e horas que non coincidan con eventos, para aparcamiento público”””.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que non estaba nos proxectos ou ideas do goberno local mover o muro do parque do Vicaño, e que serían unhas prazas de estacionamento cun custo moi alto. Engadiu que ía defender sempre que a punta Vicaño fose un espazo verde para disfrute de todos e non para aparcarse os coches. Tamén dixo que en agosto, por moito espazo que se gañase este era insuficiente en Sanxenxo. Lembrou que era certa a súa afirmación nun pleno: “os aparcadoiros son os que hai, e os que se poidan conquistar” e informou de dous espazos acondicionados en Sanxenxo (“frente o hotel Terraza”, dixo) e Portonovo para aparcarse. Para rematar informou de que detrás do novo templo había un espazo de 5000 m² para aparcadoiro, logo das xestións realizadas polo goberno local, pero en ningún caso poderían perderse espazos para lecer.-----

-ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO DO 10/07/08 (R. DE ENTRADA NÚM. 4908): polo **Sr. secretario** dáse lectura a este escrito que literalmente di:

“”**ROGO** que formula Dona Dulcinea Aguín Pombo concelleira do PsdeG-PSOE de Sanxenxo ó amparo do disposto no artigo 97/6 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, en relación co art. 56.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

Os veciños de Portonovo estanse a queixar por unha serie de problemas que surxen no pobo de Portonovo entre outros os seguintes:

- 1º As beirarrúas están con excrementos de animais.
- 2º Existencia de gran cantidade de cans abandonados sendo un grave perigo para os viandantes.
- 3º Os contenedores de basura emanan un olor completamente putrefacto.
- 4º Suciedade das rúas e beirarrúas de todo o pobo.

5º Vixiancia das terrazas dos locais, exceso de ocupación das beirarrúas que impiden o paso de cadeiras de rodas e sillas de nenos.

6º Control dos locais que verten auga ás rúas.

7º Ausencia da policía local tanto durante o día como durante a noite.

8º Moitas queixas a raíz da humanización de Portonovo, na que moitas rúas teñen demasiada inclinación sendo un perigo para as persoas maiores.

Por todo o exposto,

ROGO: Que por parte da alcaldía se adopten con urxencia as medidas necesarias para solucionar dunha vez por todas os problemas mencionados.

O rogo da lugar a debate.””

En relación co primeiro rogo a **Sra. alcaldesa** manifestou que o PsdeG-PSOE mostraba a súa demagogia pura e dura sen concretar onde e cando hai estes excrementos.

O **Sr. Lores Puentes, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que os excrementos os hai cando “os cans teñen gañas”.

A **Sra. alcaldesa** indicou que se adoptan todo tipo de medidas para que as rúas estean limpas.

En relación co segundo rogo a **Sra. alcaldesa** informou que existe un servizo de recollida de cans ceibos pregando os concelleiros que cando vexan algún que avisen para ir a recollelo. Engadiu que en Portonovo non se decata da existencia de cans abandonados.

O **Sr. López Fernández, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que os cans ceibos andaban polas rúas a todas horas.

A **Sra. alcaldesa** preguntoulle ó concelleiro socialista en qué rúas e pregoulle, de novo, que avise nese caso á concellería de servizos para a retirada dos animais.

O **Sr. López Fernández** concretou que o problema existe fundamentalmente na rúa San Roque de Portonovo.

En relación co terceiro rogo a **Sra. alcaldesa** manifestou que a primeira hora da mañá os contedores de Portonovo “da gusto velos” de limpos que están.

O **Sr. López Fernández** dixo que a esa hora si, pero que vaia a velos a partir das 10 da mañá.

En relación co cuarto rogo a **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que o da suciedade é un sentir veciñal en Portonovo.

En relación co quinto e sexto rogo, a **Sra. alcaldesa** manifestou que daba traslado do rogo ó concelleiro de seguridade, Sr. Durán Bermúdez.

En relación co sétimo rogo a **Sra. alcaldesa** manifestou que hai policía local en Portonovo, solicitando concreción sobre as zonas nas que pode ser máis necesaria.

O **Sr. López Fernández** indicou que a zona “ do Campo” é a máis abandonada en materia de seguridade, e solicitou máis presenza policial (“hai jaleo nesa zona a miúdo”, dixo).

En relación co oitavo e derradeiro rogo a **Sra. alcaldesa** manifestou que non lle era posible “allanar Portonovo” e indicou que as rúas se están a humanizar o máis posible.

O **Sr. López Fernández** manifestou que a rúa Progreso, detrás do hotel Cachalote, antes tiña menos costa e hai perigo de que se lle vaia a alguén “un carro das mans”. Rematou dicindo que, ás veces, é suficiente instalar unhas varandas ou pasamáns centrais.

A **Sra. alcaldesa** agradeceu ó concelleiro socialista que fixera esta proposta puntual, indicando que tomaba nota da mesma.

De seguido o **Sr. Rodríguez Lorenzo** formulou os seguintes rogos:

- Que a carón do supermercado “Diego Lores”, en Portonovo, había un contedor enriba da zona de carga e descarga de cotío, pregando a súa retirada para outro sitio.

- Que na Avda. da Marina, en Portonovo, tamén había un contedor enriba dunha praza de estacionamento de discapacitados. O **Sr. López Méndez, concelleiro do Grupo Municipal do PP**, contestou que estaba xa trasladado.

- Que enfronte ó bar “Azor”, en Portonovo, ocorría o mesmo. Tamén o **Sr. López Méndez** dixo que o contedor estaba retirado, ó comezar o funcionamento da “illa de contedores”.

- Que na estrada da Lanzada era necesario ampliar, nun punto determinado, unha praza de aparcadoiro para minusválidos. Corroborou isto a **Sra. alcaldesa** xa que un rapaz desa zona necesitaba que aparcara unha furgoneta longa para despraza-lo. Indicou o **Sr. Rodríguez Lorenzo** os problemas que tiñan os discapacitados en Sanxenxo, e comentou a anécdota de que xa había tempo que non vía a un discapacitado no salón de sesións que antes asistía ós plenos. Rematou dicindo que seguramente non tería espazo para aparcarse.

- Que observou días atrás, sobre as 13:00 horas, a cantidade de lixo que había depositada no porto deportivo de Sanxenxo, cun cheiro moi desagradable. Solicitou así a adopción de medidas para superar este problema que afectaba ós negocios e ós visitantes da instalación.

- Que no cruce da Vichona houbo hai uns días un accidente por mor da presenza de camións estacionados indebidamente nas confluencias das cinco rúas; ocasionábase un problema de visibilidade ós condutores que pretendían acceder á estrada autonómica. Pregou a busca de fórmulas para evitar desgraza no futuro.

- Na estrada da Lanzada, “preto do paxaro”, sería necesario pintar pasos de peóns porque estivo a punto de haber atropelos nos derradeiros días. A **Sra. alcaldesa** manifestou que foi redactado un informe policial que se enviou á consellería de política territorial sobre os pasos de peóns en toda a antiga estrada autonómica PO-550, dende Areas ata A Lanzada. Engadiu que solicitou o pintado ou que, alomenos, lle deixaran facer este labor ó concello. O **Sr. Rodríguez Lorenzo** manifestou que, cando menos, se realizase a denuncia.

- Que as beirarrúas estaban a cotío invadidas con expositores que colocan os titulares dos negocios, engadindo que, aínda que non sexa de xeito drástico, se adopte algunha medida para impedir a proliferación destes “tenderetes” que impiden o normal paso das persoas. A **Sra. alcaldesa** solicitou que se concretase esta problemática e que o Sr. Rodríguez Lorenzo lle comunique, ó rematar a sesión, os establecementos afectados.

- Que desexaba formular un rogo-desculpa, pois nunha sesión anterior cometera o erro de dicir que as portas das vivendas coa lei do hábitat debían ter 2,20 metros de altura, cando esa medida figuraba no borrador pero non na lei definitiva, que estableceu 2,10 metros. Solicitoulle desculpas ó Sr. Fernández Lores pero lle dixo que el tampouco estaba no certo, pois se falaba de 2,03 metros.

A **Sra. Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do BNG**, formulou un rogo dicindo que o aparcadoiro existente detrás da Igrexa de Sanxenxo, non estaba debidamente sinalizado e había queixas veciñais pola falla de información. A **Sra. alcaldesa** indicou que saíron varias notas de prensa e que incluso había un compromiso cos praceiros/as para que aparcasen alí deixando baleiras as prazas fronte ó edificio do mercado. A **Sra. Fernández Agraso** insistiu en que deben de colocarse carteis con sinalización vertical informando sobre a nova zona de aparcadoiro.

PREGUNTAS

- O **Sr. Rodríguez Lorenzo, concelleiro do Grupo Municipal Mixto**, formulou as dúas seguintes:

1º) Ante os problemas existentes na Policía Local, preguntoulle á alcaldesa qué está a ocorrer no citado corpo.

2º) ¿Que foi o sucedido para que os vendedores ambulantes que ían ir á praza de Fonte de Ramos estean todavía na Avda. de Silgar?.

En resposta, a **Sra. alcaldesa** respondeu que, aínda que o goberno local está contento co traballo da Policía Local, había certas discrepancias interpretativas sobre as condicións dos axentes. Considerou lexítimo que os axentes queiran ter melloras pero cualificou de moi dignas as condicións establecidas por este concello. Rematou dicindo que hai que estabilizar a situación pois non sempre se poden conceder melloras, lembrando que tamén hai outros funcionarios que aspiran a melloras nas súas condicións de traballo.

En relación ós vendedores ambulantes, manifestou que a proposta inicial era concentrar ós que tiveran o carné de artesano na praza de Fonte de Ramos, e así se falou con eles por parte da concelleira de economía. Engadiu que, como se lle avisou tarde, e isto podía incidir nas súas cuestións persoais (alugueres, estadia, etc.) se lles autorizou, por última vez, establecerse na Avda. de Silgar durante este verán.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** estrañouse da autorización do termo “artesanos”, xa que, en moitos destes postos, non se aprecian obras de artesanía.

A **Sra. alcaldesa** manifestou que o Sr. Rodríguez Lorenzo tiña razón, pero o que non podía ser, é que paguen “xusto por pecadores”, pois había de todo, mesturándose artesanos con meros revendedores que desexan instalarse en Sanxenxo por ser un sitio apetecible para as súas vendas.

O **Sr. Otero Domínguez, concelleiro do Grupo Municipal do BNG**, lembrou o ocorrido coas licenzas concedidas a carón do cemiterio de Dorrón que impiden a súa apertura. En concreto, preguntou:

1º) ¿Hai interposto recurso por parte dos promotores?.

2º) ¿Qué se está a facer neste tema?.

3º) ¿Para cándo está prevista a apertura do cemiterio?.

A **Sra. alcaldesa** contestou que cría que existía recurso por parte dos promotores. Tamén dixo que se fixo todo o que se podía facer, e así anuláronse as licenzas por non corresponderse, na súa situación, cos planos presentados. Rematou dicindo que o cemiterio se abrirá cando o permita a Consellería de Sanidade.

O **Sr. Otero Domínguez**, logo de escoitar a resposta, preguntou se estaban informados os promotores do cemiterio destes temas, e a **Sra. alcaldesa** dixo que si, e que ademais podían facer as consultas oportunas cando quixeran.

O **Sr. Otero Domínguez** fixo unha nova pregunta: ¿Qué novidades temos sobre a situación da depuradora de Dorrón? A **Sra. alcaldesa** contestou que estaba solicitado un estudo a unha empresa, que é a que leva o cabo o desenvolvemento do plan director de saneamento, para evitar que se enfronten os veciños. Engadiu que a empresa informará sobre a mellor situación e que está informada Augas de Galicia destas xestións. Rematou dicindo que, tanto o director xeral de Augas de Galicia como a Consellería de Medio Ambiente, están moi interesados neste tema.

O **Sr. Lores Puente, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, preguntou:

1º) ¿Como está o asunto da colocación de paneis informativos como se había adiantado polo goberno local?.

2º) ¿Vaise mellorar a información sobre os horarios e paradas do recentemente creado bus urbano?.

A **Sra. alcaldesa** respostou que se está á busca dun modelo de taboleiro que impida que os anuncios se mollen, ou que sexan obxecto de pintadas. En canto ós autobuses, manifestou que había planos informativos coas paradas, aínda que recoñeceu que era unha mágoa que os autobuses vaian sin xente.

O **Sr. Lores Puente** manifestou que estes vehículos parece que eran só para os turistas, que realmente “subían en todo o que se movía”.

A **Sra. alcaldesa** indicou que se ía a facer unha campaña informativa importante para potenciar o uso destes autobuses.

Por último, o **Sr. Rodríguez Lorenzo**, exteriorizou a súa queixa polo non funcionamento, dende hai tempo, do micrófono que usa no salón de sesións.-----

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte unha horas e trinta minutos, de todo o que, eu secretario, **dou fe:**